



LOSADA, Ricardo Xosé (2024): *Un inferno frío*. Noia: Toxosoutos, 128 pp.

Este libro trata a enigmática morte de Faustino Rey, o crego de Rianxo, na parroquia da Balvanera en Bos Aires. O autor, investigador e biógrafo de Faustino Rey Romero, escribe *Un inferno frío* que podemos considerar coma unha homenaxe ao crego galeguista co que gañou o Certame Literario de Aventuras Avilés de Taramancos 2023.

O cura Faustino odiado polas súas ideas progresistas e a súa personalidade desenfadada vivía rodeado de cregos reaccionarios, nun contexto político dunha Xunta Militar chea de represións. A comunidade galega emigrante e exiliada quedou conmovida pola noticia da súa morte. A caída desde sete metros de altura ao patio da Balvanera, a présa en enterralo sen lle facer a autopsia e a carta de Vellere, crego que dirixe a parroquia, ao irmán da Faustino alimentaron as dúbidas (“la muerte de su hermano fue un fatal accidente empujado por su disposición con la bebida alcohólica”).

Estamos, pois, diante dunha breve novela dividida en dúas partes. A primeira abrangue trece capítulos curtos e a segunda do catorce ao dezasete máis un epílogo. A trama principal é demostrar que a morte do crego foi un asasinato; é dicir, desmontar a versión oficial de que fora un accidente. Precisamente a evolución da trama e o ritmo narrativo resultan entretidos á persoa lectora.

Un inferno frío é un relato con elementos de diferentes xéneros literarios: de ficción, policial, histórico ou de novela negra. Así é como o escritor crea tensión e involucra a quen le. No libro hai unha grande inconsistencia temporal con anacronismos intencionados ou analepse. Ademais, *Un inferno frío* está cheo de escenas imaxinarias e de anécdotas simpáticas para mostrarnos a personalidade de Faustino que, por outra banda, a curia sempre intentou desprestixiar.

O autor avísanos dende o inicio de que o relato está baseado en feitos reais que son os feitos políticos e aclara que a súa obriga non está coa verdade senón coa historia que conta. Xosé Ricardo Losada recorre a un elenco de personaxes reais para feitos imaxinarios. Así, os dous protagonistas principais son moi recoñecidos polo lector como Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao máis a súa dona Virxinia Pereira, que tirará do fío da investigación ata o final. Igualmente Carlos Bóveda, o pintor de Cesures, xunto coa súa dona Sara Paz Seco, ou Rodolfo Prada, quen lle dá a noticia a Virxinia da morte do crego. Ademais, Prada foi unha figura destacada do galeguismo en Arxentina; de feito exercera de enlace con Castelao para todo o continente americano.

Hai que salientar que o autor, de forma imaxinaria, narra os dous últimos anos en vida de Castelao que é o período que abarca a primeira parte do libro. Durante ese discurrir de tempo móstranos a un Castelao máis prudente pola situación real de exiliados, que o son, nun país estranxeiro e preocupado por rematar de escribir o seu testamento político: *Sempre en Galiza*; mentres que Virxinia é descrita coma unha muller con coraxe, de vontade férrea e coa dignidade na fronte.

Sabemos que o crego Faustino non puido coincidir con Castelao porque cando o cura foi desterrado a Arxentina Castelao xa morrera. O mesmo sucede co detalle de cando o crego Faustino invita a bailar a María Casares. O encontro mantido entre a viúva de Castelao e a actriz en Bos Aires no ano 1957 foi real, pero non co cura poeta. Por outra parte, o narrador eleva a unha categoría excelsa a Virxinia, que Faustino celebra coñecer como se coñecese a mesma Rosalía de Castro. Polo tanto, notará a persoa lectora a grande admiración do autor por Castelao, Virxinia e Faustino Rey.

A segunda parte, morto xa Castelao, comeza despois da saída da enloitada Virxinia coa misión de acudir á Balvanera e desenmascarar ao asasino de Faustino. A escena comeza na igrexa da parroquia. Virxinia, moi sutilmente, ocupa o lugar dunha freguesa sobre o atril para enfrontarse aos cregos da parroquia e pronunciar un discurso de denuncia sobre a morte de Faustino. Remata coa suxestión ás demais freguesas de saír á Praza de Maio e esixir respostas á Xunta Militar sobre os centos de nenos e nenas desaparecidas. Hai unha clara intención de coller este último feito coma o xerme da reunión das nais da Praza de Maio.

O autor cóntanos no epílogo como Virxinia acudía tódolos xoves a manifestarse á Praza de Maio. Remata a obra coa volta de Virxinia a Galicia levando o restos do seu fillo ao cemiterio da Estrada.

As referencias literarias á obra de Castelao son moitas (*Cousas, Os vellos non deben de namorarse, Sempre en Galiza*). Tamén ao libro *Los novios*, de Alesandro Manzoni, obra que sentou a narrativa moderna en Italia e que, segundo a voz de Virxinia, simboliza o bo da igrexa católica.

Como conclusión, o libro ten unha alta dose de ficción que non perde verosimilitude polos contidos e o contexto. *Un inferno frío*, ese mundo onde viven tódolos exiliados, agasalla ao lectorado as vidas de Castelao e Virxinia Pereira a través da derradeira etapa do cura rebelde de Rianxo. Sen dúbida estes tres personaxes deixaron pegada literaria e histórica en Ricardo Xosé Losada.

Carmen Blanco Ramos
ramablanca@yahoo.es